

Empresas de Ferrol interézanse pola venda a través de Internet

Ferrol. 06/10/09. Preto de medio cento de empresas déronse cita na xornada *A estratexia da empresa tradicional en Internet*, organizada pola Cámara de Comercio de Ferrol, dentro do Programa Maspyme. Diferentes expertos déronlles a coñecer as pautas para poder situar os seus negocios con éxito en Internet e mellorar así a súa competitividade na rede.

Os relatores coincidiron en destacar que é fundamental transmitir ás pequenas empresas como Internet cambiou a forma de facer negocios en todos os sectores de actividade. "Cómpre que as empresas aproveiten esta oportunidade, déanse a coñecer e utilicen Internet como unha plataforma para crecer nun mercado competitivo", comentou Salvador Suarez, director de relacións institucionais de Camerpyme e máximo responsable do Programa Maspyme a nivel nacional.

Tamén se desvelaron algúns dos "segredos" sobre o correcto uso dos grandes buscadores, sobre a implementación de estratexias de *marketing online* e sobre a correcta xestión de AdWords de Google.

Ademais, realizáronse prácticas de campañas de resposta directa en Microsoft Media Network para lograr que as pequenas empresas optimicen o seu posicionamento e melloren, deste xeito, a facturación dos seus negocios en Internet.

Wenceslao García, director de mercadotecnia de Domestika, empresa líder en servizos de *marketing online*, destacou que Internet non pode ser visto como unha mera ferramenta informativa ou publicitaria e que só aquelas pemes galegas que tomen conciencia da necesidade de coñecer as ferramentas que esta modalidade da mercadotecnia pon ao seu alcance poderán realmente consolidar as súas vendas na rede.

Os diferentes expertos que participaron na xornada incidiron na importancia de Internet ao cambiar o paradigma na relación entre as empresas e os seus clientes. Agora as compañías teñen a posibilidade de conversar coa súa nova audiencia para superar a publicidade e abrir unha canle fluída de diálogo.

